



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS  
SECCIÓN DE PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Ref.:15400-IN-EVF

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN O NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO  
INTERINO, TÉCNICO PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS, NO SERVIZO DE  
ORGANIZACIÓN**

**Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da  
Coruña,**

Visto o expediente 2015/39702, relativo á solicitude dun nomeamento de funcionario interino para a cobertura dun posto de Técnico de Prevención de Riscos Laborais

**I. ANTECEDENTES**

O Xefe de servizo de Organización solicita, nun escrito de data 4 de decembro de 2015, o nomeamento dun funcionario interino, Técnico de Prevención de Riscos Laborais, para a cobertura do devandito posto no Servizo de Organización.

Actualmente no Servizo de Organización encóntrase un posto de Técnico de Prevención de Riscos Laborais que se encontra vacante.

Este nomeamento considérase urxente e necesario xa que según o disposto na Lei 31/1995 e o seu Regulamento, R.D. 39/1997, o devandito posto é legalmente obrigatorio en todas as empresas e Administracións Públicas; trátase dun posto imprescindible e esencial, dunha unidade igualmente imprescindible e obligatoria por disposición legal, único ademáis na vixente relación de postos de traballo.

Actualmente as funcións do dito posto foron incluídas nun contrato cunha entidade externa, que finaliza o vindeiro día 17/12/2015, polo que ven avaliada a urxencia do nomeamento dun técnico de prevención de riscos laborais ante o próximo remate do contrato da empresa externa. Por este motivo realizouse un proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoas para ocupar postos de Técnico de Prevención de Riscos Laborais aprobada por resolución da presidencia de data 09/12/2015 nº 2015/27763.

**II. FUNDAMENTOS DE DEREITO**

II.1.- Artigos 10.1 a) da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregados Públicos.

II.2.- Artigo 21 da lei 36/2014.

II.3.- Arts. 30 e 32 da Lei 31/1995.

II.4.- Arts. 14 e 15 R. D. 39/1997.

Á vista dos informes favorables emitidos así como os preceptos legais citados e demais concordantes e de aplicación,

## RESOLVO

1.- Nomear a un funcionario interino, Técnico de Prevención de Riscos Laborais, para cubrir un posto que se encontra vacante, por considerarse urxente a súa cobertura tal como consta no expediente, mentres no desaparezan as razóns de urxencia e /ou necesidade acreditadas no expediente que motivan o nomeamento ou a Corporación decida a súa amortización, e con efectos ao día da data da toma de posesión.

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>POSTO PARA O QUE SE NOEMA FUNCIONARIO INTERINO</b>
MARÍA DEL MAR MARTÍN REY DNI: 53166989 M	TÉCNICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS 1.1.67.1

2.- As súas retribucións faranse efectivas con cargo ás aplicacións orzamentarias que se relacionan a continuación: 0710/92075/12001, 0710/92075/12100, 0710/92075/12101 e a través da nómina do persoal funcionario nos importes correspondes ao posto de Técnico de Prevencions de Riscos Laborais do vixente orzamento e con efectos da data na que se produza a toma de posesión.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente, nos termos e prazos sinalados na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.